

Garabata barata




ILUSTRACIÓN: *Garabata barata*

AUTOR: A. T.

Cristina Trigo, Manuel Miguéns, María Jesús Agra (eds.)
2016. *Configurando o mapa contemporáneo: arte e educación*.
Santiago de Compostela. Col. Cadernos do mediador, 2.
143 pp.

O Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela editou en febreiro de 2016 a segunda publicación electrónica da colección *Cadernos do mediador*; trátase do libro *Configurando o mapa contemporáneo: arte e educación*, unha obra que lles achega aos lectores e lectoras o acontecido en decembro do 2013 no curso do mesmo nome celebrado no CGAC e que acolleu durante tres días a profesionais e interesados ao redor da educación e a arte contemporánea de España e Portugal. Esta publicación consegue concentrar nas súas páxinas os traballos presentados eses días e as experiencias levadas a cabo, e ademais, o seu formato electrónico permítelle aos espectadores seguir afondando a partir dos vídeos e páxinas externas que aparecen enlazadas no arquivo. O documento electrónico completo está dispoñible na páxina en liña de publicacións da Universidade de Santiago de Compostela no seguinte enlace: <http://www.usc.es/libros/index.php/spic/catalog/book/838>

O título desta obra parece sinalar un propósito tan necesario como ambicioso, o de configurar, dar forma e sentido ao territorio contemporáneo a partir de dúas coordenadas básicas: arte e educación. Unha aventura emocionante de reflexión que demanda dunha inmersión activa do espectador.

A expedición polos territorios fronteirizos entre arte e educación poñíase en marcha de xeito colectivo en decembro de 2013 nos espazos de experimentación e diálogo do curso *Configurando o mapa contemporáneo...* e continúa

a súa andaina neste segundo número da colección "Cadernos do mediador". Esta proposta de Manuel Miguéns, Cristina Trigo e M^a Jesús Agra aparece deste xeito recursivo como proposta de acción e para a acción, o que aquí se nos ofrece non é, polo tanto, unha cartografía concluínte, nesta segunda parada podemos apreciar unha invitación que anima ás lectoras e lectores a seguir "facendo camiño" como Richard Long en *A Line Made by Walking*.

A introdución que abre o libro, escrita pola docente Cristina Trigo (por aquel entón coordinadora do departamento de didáctica do Centro Galego de Arte Contemporánea), consegue en poucas liñas prender a mecha poderosa que nos converte a todos en cartógrafos do presente. Nela fía as palabras da artista Cristina Lucas, as experiencias das pequenas e pequenos participantes no taller do artista Diego Santomé co acontecido durante os tres días que durou o curso no CGAC e as expectativas que se abren con esta publicación. Con esta introdución ademais de cederlle a palabra aos participantes que nos achegarán ao longo do libro os seus proxectos, dáse tamén o pistoletazo de saída aos lectores, descubrinto dalgún xeito que son eles a terceira coordenada necesaria para completar ás dúas de partida (arte e educación).

6

Logo destas páxinas introdutorias atopamos un índice que sinala as orientacións posibles que pode tomar o noso camiño como lectores. Nesta relación desglosada de capítulos podemos diferenciar dous bloques de contido: *Panorámica e Espazos de Acción Lab* para continuar cun apartado de Reflexión, *Des-coloquio*, e outro último onde se recompilan as *Referencias bibliográficas*. O inicio de cada un dos catro apartados sinálase co título e unha pequena ilustración que foi resultado dunha acción, *Con las manos en la materia*, levada a cabo durante o curso.

Tanto en *Panorámica* como en *Espazos de Acción Lab* séguese unha estrutura similar onde son os propios autores os que relatan os seus proxectos. As experiencias que comparten neste libro teñen orixes múltiples, leváronse a cabo tanto dentro como fóra dos centros educativos: con nenos, con adolescentes, con adultos ou diferentes colectivos, son actividades puntuais ou pertencen a un proxecto máis ambicioso do que forman parte... a natureza poliédrica das diferentes achegas fai máis rico o contido. En *Espazos de Acción Lab* recóllense a serie de talleres postos en marcha durante o curso e en *Panorámica* fundamentalmente recóllense os proxectos que os participantes puxeron en común e tamén algunhas accións levadas a cabo.

En ambos os dous apartados, os participantes, un tras outro, sucédense por rigorosa orde alfabética, sen xerarquías nin diferenciación entre eles por ter sido conferenciantes convidados ou poñentes durante o curso. Todos eles axúdanse das palabras e tamén das imaxes para achegarnos os seus proxectos sen que ningunha forma predomine sobre a outra. As súas experiencias vividas e tamén reflexionadas non deixan de ser camiños abertos e compartidos para quen queira recorrerlos. Atopamos polo tanto, achegas variadas en canto á temática que tratan cada un dos capítulos e tamén extensións moi diferentes entre deles se atendemos ao número de páxinas. Non obstante, un lector curioso rapidamente descubrirá que as páxinas desta monografía teñen a capacidade de despregarse e expandirse dun xeito diferente a como o fan nun libro tradicional. Aínda que esta obra non ten a calidez do papel, os nosos sentidos atopan nela unha oportunidade de ampliar os seus rexistros. A intertextualidade narrativa da paso á posibilidade dun percorrido pola realidade hipertextual onde seguir afondando a partir do material audiovisual e as páxinas que aparecen enlazadas ao longo do texto. Será decisión dos lectores facer unha lectura lineal onde a viaxe os encamiñe da páxina primeira á derradeira ou deixar que o azar e a intuición os guíe nunha lectura rizomática que se deixe somerxer e deslizar por entre as páxinas e fóra delas.

7

Se optamos pola segunda opción poderemos comezar por calquera páxina: partir dunha imaxe ou dun dos títulos que atopemos no índice e nos resulte familiar, nos sorprenda ou suxira algo. Deste xeito haberá experiencias das expostas que nos conecten con outras e nos descubran bloques (en principio invisibles) de contidos nos que poder seguir afondando.

Un deles pode ser o das experiencias levadas a cabo nos centros educativos vinculadas ao traballo audiovisual. Vencellado a este tema atopamos o proxecto de Luz Beloso no que a animación e a ilustración entran nas aulas con forza para enganchar o alumnado nun proceso audiovisual de creación. Dende as súas páxinas podemos acceder a algún dos traballos realizados polos estudantes. Este proxecto pode levarnos dun salto de páxina ao achegado por Sergio Clavero onde o emprego das TIC tamén é fundamental. Na súa proposta un grupo de alumnos introdúcense no proceso completo de creación dunha obra audiovisual asumindo de xeito protagonista todas as fases do proxecto. Neste capítulo o espectador ten acceso a moito material no que seguir afondando: vídeos de obras concluídas e o enlace ao blog que serve de canle de información onde atopar material actualizado sobre os proxectos

realizados. Os proxectos que nos achega Sergio Clavero conectan facilmente coa experiencia que expón Guillermo Calviño sobre unha das propostas educativas elaboradas no *Proxecto Cubo “QvO”*. Nela o cine volve a destacar tamén como unha ferramenta poderosa coa que traballar, neste caso cun colectivo de nenos e nenas de altas capacidades intelectuais.

Estas propostas remiten tamén a unha forma de entender a educación como un xeito de traballo colaborativo e multidisciplinar, algo que de novo volve a crear redes de conexións con outras moitas narrativas recollidas neste exemplar. Manuel de la Rosa fala por exemplo de proxectos onde se incide precisamente na vinculación entre o individual e o colectivo e comenta algunhas estratexias instalativas que utiliza e coas que conseguir que un traballo individual de pezas independentes poda alcanzar o obxectivo último de compoñer unha obra única e grupal. Esta reflexión sobre o todo e as partes é fundamental e recorrente na arte e na educación e a proposta que achegan Vicente Blasco e Salvador Cidrás parece dar un paso máis nesa dirección. No caso que propoñen, o sistema créase a partir da idea de módulo. Mediante a ensamblaxe de elementos modulares e cotiás trabállanse cuestións vinculadas co espazo, a forma, o plano, o contexto, a vinculación co propio corpo... A potencialidade que a técnica da ensamblaxe pode ter para a educación e algo tamén defendido polo docente Javier Cabo e esta idea pode expandirse de súpeto e atopar novos sentidos. Por exemplo Ana Vidal, Daniel Vilas e Luís Baizán amósannos que tamén podemos facer ensambles de palabras e imaxes para constituír narrativas visuais. As imaxes contan historias... só temos que estar atentos e activar a reflexión. Na actividade que expón Xosé Poldra precisamente existe unha preocupación sobre a estética da recepción e a figura do espectador. El atopa na reflexión conxunta e na análise colectiva de imaxes un xeito de achegarse a aspectos fundamentais da linguaxe visual na aula.

A medida que nos adentramos no libro, as conexións comezan a multiplicarse. No texto de María Jesús Agra e Cristina Trigo a idea de “hilvanar historias” toma un carácter tautolóxico nos diferentes proxectos onde a arte/educación e os arte/educadores se pensan a si mesmos mirando cara dentro e tamén cara fóra buscando encontros que aproveitar para conseguir a forza colectiva. Desta mirada introspectiva cara á propia aprendizaxe, o recordo das emocións e desexos dos artistas-docentes fala tamén Silvia García que anima a buscar o coñecemento nas marxes do académico para así recuperar o control do camiño docente ateigado de burocracia. Pensarnos e pensar na

construción de novos camiños á marxe dos impostos polas institucións é algo ao que aluden tamén Paulo Emilio Macedo e Doriedson Bezerra no seu texto. Eles toman a fin do camiño como comezo e a cidade de Santiago como primeira pegada de moitas coas que seguir elaborando unha rede colectiva.

A capacidade da arte para pensarnos é tamén fundamental para entender o contexto no que nos movemos. Na proposta de Alfredo Palacios precisamente a arte explótase como ferramenta para reflexionar sobre o espazo educativo e ademais actuar sobre el, transformalo e conseguir unha reacción no espectador. Corredores e outros lugares convértense nunha extensión das aulas onde seguir traballando, isto queda reflectido en moitas das propostas de intervención e instalación que se relatan neste libro. Pero se a arte pode saír das aulas, co proxecto que nos amosan Begoña Paz, María Paz e Pilar Porta vemos como tamén pode traspasar as paredes as veces demasiado opacas dun hospital para chegar onde non sempre chega. No mapa que se nos abre con este libro vemos que o territorio da arte e da educación está tamén na rúa. Da man de Ángela Saldanha vemos como o camiño se converte en práctica estética e unha mercería pode converterse nun espazo de acción e falar cun descoñecido amosarnos o poder da aprendizaxe en comunidade. Esta idea repítese tamén no texto de Antonio Collados e Javier Rodrigo. No proxecto que nos presentan, *Transductores*, vemos de novo as posibilidades da aprendizaxe colectiva e unha posta en práctica do concepto de aprendizaxe situada.

Efectivamente, o contexto ten forza na aprendizaxe porque ten moito de nós. Nesa liña, Cristina Varela e Paloma Cabello no seu texto anímannos a unha busca identitaria capaz de transformarnos e transformar o exterior ao mesmo tempo, atopar que a innovación está as veces na tradición, en atopar de novo una relación vivencial co producido. Esta preocupación polo identitario reflíctese tamén no texto de R. M García Martínez, onde a partir da creación dunha máscara un grupo de estudantes comezan unha investigación persoal na que profundar neste tema. Mirar cara dentro é tomar consciencia tamén do propio corpo para permanecer atentos ao que está a suceder. Carol Gillanders e José Agustín Candisano afondan neste tema defendendo a súa importancia na educación musical para docentes e estudantes.

Neste exemplar de camiños entrecruzados hai lugar tamén para indagar nos lugares de cruce onde música, texto e xesto poden unirse nunha reflexión común que englobe arte e educación. Manuel Miguens, Ana Miguens e Ivan

Laxe amósannos como facelo. Música e arte contemporánea e as súas sintonías son aproveitadas tamén por Laura Navarro e María Isabel Bello nun texto onde aluden á improvisación como estratexia educativa.

A arte emerxe con forza nas fronteiras, e aprender en comunidade facilita conectar diferentes campos do saber. Isto é algo que recollen moitos participantes, Flávia María de Brito, por exemplo, fai alusión ao debuxo contemporáneo e “expandido”, pola súa facilidade para vincular diferentes liñas de coñecemento que axudan a enriquecer a aprendizaxe e Domingos A. R. Morais defende o beneficio de que artistas, educadores e estudantes entren en contacto. Arte e educación teñen moito que aprender de si mesmas e da súa cartografía común.

A maraña de camiños que representan cada un dos capítulos deste libro podería seguir crescendo. Agardamos que futuras edicións axuden a que o mapa comezado siga ampliándose e amosando a súa peculiar orografía.

10 Por último e para rematar, podemos indicar que ademais das numerosas fontes bibliográficas actualizadas que se recollen nas últimas páxinas e que achegan aos lectores un banco importante coas últimas investigacións ao redor dos temas tratados, resulta tamén destacable o espazo reservado para a conclusión final. Co título *Des-coloquio*, nel o docente José María Mesías Lema fai un esforzo por desgranar as ideas fundamentais dos debates xurridos e das propostas e experimentacións levadas a cabo durante o encontro. Un *collage* fotográfico e de relatos conectados no que se pon de manifesto o carácter nutritivo que tivo a xuntanza e como non podía ser doutra forma, o documento publicado.

Configurando o mapa contemporáneo: arte e educación, acércanos a escala 1:1 do que está sucedendo hoxe no territorio fronteirizo da arte e da educación, son os seus protagonistas coas súas experiencias e relatos os que poden dar o pulso do que hoxe latexa nesta área, polo tanto, o interese desta obra para a comunidade educativa, para os docentes, artistas e investigadores está máis que xustificada.

Olalla Cortizas Varela

Universidade de Santiago de Compostela